

CIRCULAR NÚMERO 17/2011, do 24 de novembro, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos.

Pola Circular 4/2001, ditáronse instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos. A experiencia na xestión acumulada nestes anos e as modificacións normativas que se produciron aconsellan ditar unhas novas instrucións.

1.- NORMAS XERAIS

1.1. Ámbito de aplicación.

A presente Circular é de aplicación a todos os centros privados concertados ubicados na Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, primaria, educación secundaria obligatoria, educación especial e ciclos formativos de formación profesional específica e a todo o persoal docente que presta servizos nos mesmos.

1.2. Retribucións.

A todo o persoal en réxime de contrato de traballo, incluído na nómina de pagamento delegado, seralle de aplicación o contemplado no “Convenio colectivo de empresas de ensino privados sostidas total ou parcialmente con fondos públicos” vixente en cada momento, ou calquera outro Convenio que substitúa ao anteriormente citado, sexa de carácter estatal ou autonómico, e sempre que non exceda os módulos fixados na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, no seu defecto, na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

As retribucións do profesorado que preste servizos concertados sen teren relación contractual de carácter laboral coa entidade titular do centro serán equivalentes ás establecidas para o persoal en réxime de contrato de traballo.

1.3.- Número de horas concertadas.

As horas lectivas semanais que se aboarán en pago delegado/unidade farase de acordo coa Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, no seu defecto, a Lei de Presupostos Xerais do Estado, e concretarase cada ano mediante un escrito da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Por conseguinte, o número de horas máximas a concertar é o resultado da seguinte operación:

$$\text{Nº de unidades concertadas} \times \text{rateo por unidad}$$

En ningún caso o número total de horas a pagar por centro superará o resultado da anterior operación.

Neste cómputo non se incluirá ao persoal substituto.

1.4.- Pagamento da nómina.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará mensualmente os salarios ao persoal docente dos centros privados concertados, como pagamento delegado, en nome das persoas ou entidades titulares dos mesmos, mediante as oportunas relacións de perceptores, confeccionadas tendo en conta a información facilitada polas direccións dos propios centros nos correspondentes "partes de recollida de datos de profesorado concertado". Esta información será facilitada á xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará mensualmente ás persoas incluídas na relación de perceptores de pago delegado información detallada dos conceptos retributivos e das contías que se lle aboén, así como das correspondentes deducións. Esta información facilitarase a través do CIXTEC e por correo electrónico.

1.5.- Proposta de distribución horaria.

Todos os centros estarán obrigados a cumplimentar na aplicación informática a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados antes do día 6 de setembro, a relación nominal do persoal docente do centro, facendo constar na casiña correspondente a materia ou materias que imparte cada docente, así como se é unha nova alta na relación de perceptores ou xa forma parte da mesma, indicando asemade a “proposta de distribución horaria para pagamento delegado”. A aplicación informática, que incluirá un apartado para “observacións”, efectuará o control horario de tal xeito que non permitirá ningunha proposta que supere o número de horas que para cada centro resulten do establecido no apartado 1.3 da presente Circular. Para estes efectos, cada curso académico, a Subdirección Xeral de Centros incluirá na aplicación informática as unidades concertadas en cada centro educativo, indicando o nivel ou etapa educativa e a rateo profesor/unidade que corresponden por cada tipo de unidade concertada. Na propia aplicación informática imprimirse a proposta de distribución horaria para pagamento delegado que se remitirá á xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debidamente asinada.

Nos restantes meses do curso só será necesario que os centros aporten as modificacións relativas ao persoal perceptor afectado por altas, baixas ou calquera outra modificación. Esta información efectuarase a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados sen prexuízo de que se imprimirá na propia aplicación informática e se remitirá a xefatura territorial correspondente coa documentación xustificativa pertinente.

1.6.- Total de xornada en nómina

Confeccionarase unha única nómina por cada persoa que preste servizos nun mesmo centro educativo. Cando unha persoa preste servizos en máis dun nivel educativo, para a elaboración da nómina terase en conta o número de horas de cada nivel e o salario hora de cada nivel educativo. Con esta finalidade, a Subdirección Xeral de Centros efectuará as modificacións correspondentes na aplicación informática e comunicará ao CIXTEC cada vez que se produza unha variación nas horas ou no salario.

En ningún caso, un profesor superará en nómina de pagamento delegado unha xornada completa, establecida na actualidade en 25 horas lectivas, agás no suposto de persoal

docente que preste servizos en máis dunha empresa educativa. Neste caso, terá unha nómina por cada empresa.

2.- SEGURIDADE SOCIAL E IRPF.

2.1.- Prazo de presentación.

Segundo establece o artigo 39 do Regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos (R.D. 2377/1985, do 18 de decembro – BOE do 27 de decembro) “A administración, ó aboar os salarios ao persoal docente dos centros concertados, efectuará e ingresarán no Tesouro as retencións correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas. Así mesmo, realizará o ingreso das oportunas cotizacións da Seguridade Social”. Para o cumprimento das ditas obrigas por parte da Administración educativa, os centros deberán presentar na xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con polo menos dez días naturais de antelación ao prazo regulamentariamente establecido para o aboamento a seguinte documentación:

- **Modelo 111 para o IRPF e recibo de liquidación de cotizacións e relación nominal de traballadores (TC2) para a Seguridade Social.**

Os centros presentarán un único impreso de liquidación, con independencia de que teñan un ou máis niveis educativos concertados.

2.2. Bonificacións.

Os centros estarán obrigados a acollerse a calquera tipo de bonificacións ou reducións, agás as derivadas de accións formativas, que afecten ás cotas de Seguridade Social do persoal docente concertado, sempre que a legislación o contemple, e respectando a liberdade das empresas para aplicar os diferentes tipos de contrato válidos para o referido persoal.

2.3. Prazo para xustificar a Seguridade Social e o IRPF.



Os centros xustificarán a Seguridade Social do profesorado autónomo semestralmente, coas correspondentes fotocopias dos recibos aboados polo profesorado concertado, nos meses de FEBREIRO e AGOSTO.

A cantidade aboada por este concepto non superará o tipo de cotización ó RETA establecido cada ano polas ordes que desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, segundo a base de cotización que o profesorado concertado xeraría de acordo coas súas retribucións de nómina.

No caso do profesorado relixioso, a Administración educativa asumirá o aboamento dos recibos de RETA, SERAS OU OUTRA ENTIDADE, sempre que a suma dos dous recibos non supere o tope anteriormente citado.

Toda a documentación xustificativa remitírase por correo electrónico.

Dada a complexa casuística detectada no aboamento deste tipo de seguros establecense as seguintes aclaracións:

- a) Para os efectos de cálculo tomarase como referencia sempre a base de cotización que o traballador autónomo xeraría na nómina de pagamento delegado segundo o total das súas retribucións mensuais, más o rateo das pagas extraordinarias (normalizado segundo estableza a Seguridade Social na súa normativa). A esta base calcularáselle a porcentaxe fixada nas normas da Seguridade Social, e este importe considérase como máximo a pagar.
- b) Se un profesor figura en varios niveis, computaranse tódalas súas retribucións para os efectos de calcular unha única base, e aboaráselle os seguros tendo en conta esa base e nun único nivel.
- c) Non se pagará máis importe có xustificado documentalmente mediante os recibos correspondentes.
- d) Se un profesor pagase un recibo superior ó que lle corresponde segundo o contemplado nos apartados a) e/ou b) aboaráselle o calculado neses apartados.
- e) Se un profesor pagase menos do contemplado nos apartados a) e/ou b) aboaráselle o realmente pagado polo profesor.



Se un profesor relixioso, pola contía que cobra na nómina, non xera cantidade suficiente para aboarlle a contía mínima que establece a normativa da Seguridade Social, e este profesor ou profesora estivese a pagalo, as xefaturas territoriais pagarán o importe do ou dos recibos mínimos.

En todo caso hai que lembrar, que no referido ás obrigas de liquidar a Seguridade Social e IRPF, o responsable do incumprimento das obrigas de altas, baixas e liquidacións é o titular do centro (artigo 36 do regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos antes referenciado), polo que en ningún caso as xefaturas territoriais aboarán recarga por mora.

O prazo de reclamación para cantidades aboadas en concepto de IRPF, Seguridade Social e autónomos do profesorado concertado será o legalmente establecido. De realizarse a reclamación no prazo de seis meses tramitarase pola xefatura territorial correspondente. Transcorrido este prazo a reclamación xestionarase ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, logo do informe da xefatura territorial.

Efectuados os ingresos sinalados neste apartado, a xefatura territorial remitirá aos centros a documentación acreditativa de terse realizado o ingreso para a súa constancia, quedando copia da mesma na xefatura territorial para os efectos das oportunas xustificacións.

2.4. IRPF

A todo o persoal incluído na nómina de pagamento delegado, agás o persoal relixioso que preste servizos docentes en centros da súa congregación, aplicárselle a retención polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que comunique a entidade titular do centro, a través da aplicación informática. Poderán aplicarse, previa petición do interesado, porcentaxes superiores da dita retención, de acordo coa normativa vixente.



Os centros dunha mesma persoa titular funcionarán como empresas diferentes se teñen distinto C.I.F.

3.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE CONCERTADO.

3.1. Modificación da xornada.

O número de horas lectivas e non lectivas de dedicación horaria no pagamento delegado terá que coincidir co número de horas real da xornada no centro en cada un dos niveis concertados.

O número de horas lectivas en cada un dos niveis educativos concertados non poderá modificarse durante o curso escolar, salvo causa xustificada.

3.2. Conceptos retributivos.

Os conceptos retributivos afectados polo procedemento de pagamento son os seguintes:

- a) **Soldo.**- Aboarase en función das horas lectivas realmente impartidas en cada nivel educativo e contempladas nos correspondentes partes de recollida de datos, non permitindo fraccións de hora.
- b) **Trienios.**- Aboaranse inicialmente os trienios en función da data de ingreso do persoal docente no centro concertado no que presta servizos e da data de cumprimento do último trienio. Esta información será facilitada polo centro a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. Posteriormente, a través da aplicación informática aboaranse automaticamente os trienios que se vaian cumplindo en función dos servizos prestados no mesmo centro.

A formalización dun novo contrato de traballo noutro centro privado concertado implica a perda do dereito a percibir os trienios perfeccionados no centro no que se cesa, incluso cando o novo contrato veña derivado da aplicación do Acordo do vinte



de novembro de 1995, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organizacións patronais e sindicatos da ensinanza privada sobre o persoal afectado pola non renovación total ou parcial dos concertos educativos.

Ó persoal relixioso aboáranselle 5 trienios con independencia da antigüidade real no centro, sen prexuízo de que en cumprimento do Acordo sobre Profesorado Relixioso en Centros Privados Concertados, subscrito o 19 de setembro de 1991, se revise a media de trienios devengados por este profesorado.

- c) Complemento de dirección.- Aboarase ao persoal docente que figurando na nómina de pago delegado cumpran os requisitos especificados pola Lei para o seu nomeamento e figuren no correspondente parte de recollida de datos de alta como director ou directora.

En caso de nomeamento os efectos económicos serán do día 1 do mes seguinte, agás que o nomeamento sexa con efectos do día da comunicación. Neste último caso, aboarase desde ese día. No caso de cese, os efectos económicos serán do último día do mes, agás que no mesmo se indique que os efectos son do día da comunicación.

Para ter dereito a cobrar complemento de dirección o centro deberá ter polo menos 6 unidades na educación primaria ou 5 unidades en centros de educación especial, ou 5 unidades en Formación Profesional específica, ou 4 unidades en Educación Secundaria Obrigatoria, podendo sumarse na Formación Profesional as unidades dos ciclos formativos de grao medio e superior e os programas de cualificación profesional inicial dun mesmo centro para os efectos de aboamento deste complemento. Naqueles centros integrados por máis dun nivel educativo, a dirección percibirá, mentres exerza o seu cometido, a gratificación temporal sinalada para o nivel de ensino superior que exista no centro.

En todo caso só se aboará un complemento de dirección por centro.

A información de altas e baixas na dirección dos centros educativos facilitarase por estes ás xefaturas territoriais a través da páxina web, na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. A aplicación informática controlará que só haxa un complemento de dirección por centro, a qué centros non se lles aboará complemento de dirección e permitirá a impresión dos documentos xustificativos para a súa remisión á xefatura territorial correspondente.



- d) **Trienio de complemento de dirección.** Farase efectivo ó vencemento do trienio como director ou directora.

Os conceptos salariais contemplados nos apartados c) e d) considéranse complementos funcionais temporais polo que serán aboados mentres o traballador desempeñe o cargo, e, en ningún caso, poderán serlle aboados simultaneamente a dous profesores no mesmo centro, ou repartilos entre varios profesores ou xerar dereitos de liquidación.

- e) **Complemento de xefatura de estudos.** Aboarse ao profesorado que figurando na nómina de pago delegado cumpran os requisitos especificados pola Lei para o seu nomeamento e figuren no correspondente parte de recollida de datos de alta como xefe de estudos.

No caso de nomeamento os efectos económicos serán do día un do mes seguinte, agás que o nomeamento sexa con efectos do día da comunicación. Neste último caso, aboarse desde ese día. No caso do cese, os efectos serán do último día do mes, agás que no mesmo se indique que os efectos son do día da comunicación.

Os requisitos para ter derecho a cobrar o complemento de xefatura de estudos serán os mesmos que se esixen para a percepción do complemento de dirección. Naqueles centros integrados por máis dun nivel educativo de ensino, o xefe de estudos percibirá, mentres exerza o seu cometido, a gratificación temporal sinalada para o nivel de ensino superior que exista no centro.

En todo caso só se aboará un complemento de xefatura de estudos por centro.

A información de altas e baixas na xefatura de estudos dos centros educativos facilitarase por estes ás xefaturas territoriais a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. A aplicación informática controlará que só haxa un complemento de xefatura de estudos por centro, a qué centros non se lles aboará complemento de xefatura de estudos e permitirá a impresión dos documentos xustificativos para a súa remisión á xefatura territorial correspondente

- f) **Trienio de xefatura de estudos.** Farase efectivo ó vencemento do trienio como xefe ou xefa de estudos.

Os conceptos salariais contemplados nos apartados e) e f) considéranse complementos funcionais temporais, polo que serán aboados mentres o traballador



desempeñe o cargo. En ningún caso podrán serle aboados simultaneamente a dous profesores no mesmo centro, ou repartilos entre varios profesores ou xerar dereitos de liquidación.

Non se aboará ningún outro tipo de concepto ou indemnización que non sexan os complementos de dirección e de xefatura de estudos ao persoal docente dos centros concertados, sendo por conta das empresas calquera outra indemnización ou aboamento contemplado na lexislación ou libremente pactado entre o traballador e a empresa.

3.3. Pagas extraordinarias.

As pagas extraordinarias aboaranse en función da data de ingreso na nómina de pagamento delegado e serán calculadas en función das retribucións que con carácter permanente perciba o profesor ou profesora durante o período de cálculo. En caso de existir modificación de xornada durante o período de cálculo, a extraordinaria aboarase proporcionalmente ós períodos e ás diferentes retribucións.

3.4.- Complemento retributivo autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aboarase na contía estipulada en cada momento.

3.5.- Complemento de equiparación do salario dos licenciados que imparten as ensinanzas de primeiro e segundo da educación secundaria obligatoria e complemento de equiparación dos trienios dos licenciados que imparten as citadas ensinanzas.

Aboaranse na contía estipulada en cada momento.

3.6.- Importes dos conceptos retributivos.

Os importes dos distintos conceptos retributivos publicaranse cada ano como Anexo da presente Circular.

3.7.- Descontos.

- a) Para proceder ao desconto de cantidades na nómina de salarios por folga, permiso non retribuído, falta de asistencia ao traballo, retención xudicial, embargo ou sanción, será necesaria a previa comunicación á xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da páxina web, na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados e por escrito por parte da titularidade do centro. A persoa responsable da sección de centros da xefatura territorial tramitará a través da aplicación informática o desconto correspondente unha vez recibido o escrito xustificativo e a documentación xustificativa do desconto.
- b) En ningún caso se descontará por anticipado a parte proporcional das pagas extraordinarias afectadas, tendo que ser descontada esta parte no momento de aboamento destas pagas extraordinarias.

3.8. Vacacións.

As xefaturas territoriais aboarán a parte proporcional das vacacións se o Centro certifica que:

- O traballador non continúa prestando servizos no centro.
- O traballador non ten gozado vacacións no período traballado; en caso de ter gozado parte, aboáráselle a diferenza.
- Ao traballador non lle foi aboada polo centro liquidación por ese concepto.

Para determinar o número de días de vacacións a gozar ou compensar economicamente en caso de cese, o cómputo realizarse do 1 de setembro ao 31 de agosto e non por anos naturais.

A liquidación de vacacións cotiza á Seguridade Social.

3.9. Orientador educativo da Educación Secundaria Obrigatoria.

De conformidade co que se estableza na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado e, se é o caso, na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, aos centros de



Educación Secundaria Obrigatoria dotaráselles de financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 26.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

3.10. Retribucións do persoal complementario.

Os gastos de persoal complementario dos centros privados concertados de educación especial refírense aos salarios de persoal cualificados (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo, pedagogo, traballador social, educador e coidador), incluídas as cargas sociais, antigüidade e pagas extraordinarias.

Os pagamentos que se realicen ós centros non poden exceder o módulo establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado ou, de ser o caso, na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. A partida correspondente aboarase aos centros mensualmente.

Dado que os contratos de dito persoal son por curso escolar e que ó mesmo lle corresponden dúas pagas extraordinarias, as mesmas poden ser xustificadas nos meses que corresponden ao seu aboamento (xuño e decembro), ou rateadas ao longo do curso escolar.

Os centros presentarán na xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os documentos xustificativos de nóminas e de cotizacións a cargo do empregador correspondente ao persoal complementario, asinados pola dirección, na data que fixe a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, con anterioridade ao 31 de decembro de cada ano. O persoal complementario incluirase na aplicación informática a través da páxina web, na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. Cando haxa modificacións incluiranse os cambios na aplicación informática e achegarase á xefatura territorial copia cotexada do contrato.

4.- Maternidades e paternidades.

Mentres non se habilite outro procedemento a situación de I.T. por maternidade e goce do permiso de paternidade darán lugar á baixa total en pagamento delegado do persoal



docente correspondente. A duración da I.T. por maternidade, e do permiso de paternidade axustarase á normativa vixente en cada momento.

O permiso de paternidade deberá ser gozado nos prazos regulados no artigo 48.bis do Estatuto dos Traballadores.

A baixa total por estes conceptos non suporá aboamento de liquidación algúnhha, téndose que detraer das pagas extraordinarias correspondentes ós días que dure a situación de maternidade e permiso de paternidade.

Esta baixa total tampouco suporá interrupción na súa situación de alta na Seguridade Social, sendo por conta das xefaturas territoriais correspondentes o aboamento das súas cotizacións á Seguridade Social, mentres duren o permiso de maternidade ou paternidade, e non se produza a baixa total na empresa.

A situación de maternidade ou paternidade será comunicada polo centro á xefatura territorial correspondente nun parte de recollida de datos a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. Asemade, imprimirá o documento da aplicación informática e remitirao á xefatura territorial, asinado e acompañado do parte médico correspondente e da resolución do INSS indicando o período no que procederá ao pago correspondente. A alta tramitarase tamén a través da páxina web na mesma dirección sinalada sen necesidade de documentación xustificativa. Asemade, imprimirse e remitirse á xefatura territorial.

No suposto que de a suspensión de contrato por maternidade coincida co período de vacacións dos meses de xullo e agosto, a traballadora afectada e a empresa acordarán unha nova data de goce dos días de vacacións coincidentes pola suspensión por maternidade. Este derecho non se estende ó suposto de coincidencia da suspensión por maternidade con calquera outro período de vacación ou sen actividade, conforme se regula no vixente Convenio Colectivo.

A licenza por maternidade e paternidade tramitarase como LM

5.- Acumulación de horas de lactacións.

Resultará de aplicación o acordo sobre acumulacións das horas de lactación nos centros docentes privados concertados subscrito o 30 de agosto de 2007. A acumulación será ata un máximo de 28 días naturais conforme ao establecido no artigo 40 do V Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, ampliándose en 28 días máis por cada fillo a partir do segundo, no caso de parto múltiple

6.- Substitucións.

Para poder interpretar os apartados posteriores, considérase persoal docente substituto aquel que desenvolvendo labor docente nun centro concertado, non ocupe praza dun titular máis que de xeito transitorio e mentres o titular non se reincorpora á docencia. Exclúense desta consideración as excedencias.

Para o nomeamento de persoal docente substituto estarase o establecido na LODE, na LOE e no Convenio Colectivo.

- a) Os substitutos cobrarán o soldo e pagas extraordinarias que lles correspondan segundo as horas impartidas.
- b) Non se admiten para o pago delegado a cobertura de baixas que teñan unha previsión de duración inferior a 15 días. Ao persoal docente substituto aboaránsele os días realmente traballados, que poden ser inferiores a 15 días. Sen prexuízo do anterior, poderán substituirse os permisos por paternidade.
- c) Aboarase a substitucións ata a incorporación do titular.
- d) Non se tramitarán altas de substitutos despois do 10 de xuño. Tampouco se tramitarán altas de substitutos con menos de 10 días de antelación ao inicio das vacacións de Nadal e de Semana Santa.
- e) Non se poderán aboar substitucións para cubrir vacacións dun profesor titular fóra do período legalmente establecido, agás por maternidade e acumulación de horas de lactancia.

Para a tramitación da alta en nómina do persoal substituto, na aplicación informática deberá relacionarse co DNI do profesor ou profesora substituído, collendo por defecto, o mesmo número de horas que o profesor titular. Se o centro establecese outro horario, en ningún caso será superior ao que tiña o profesor titular.

7.- Datos do centro.



A aplicación informática funcionará co código oficial do centro. A Subdirección Xeral de Centros incluirá, conforme ao establecido na presente Circular, os niveis educativos concertados así como o número de horas de cada nivel. Nas ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria distinguirase entre ensinanzas de primeiro e segundo curso e de terceiro e cuarto.

8.- Datos persoais do persoal docente.

Serán cubertos inicialmente por cada centro educativo na aplicación informática a través da páxina web na dirección www.edu.xunta.es/centrosconcertados. Entre eles, necesariamente, figurará unha dirección de correo electrónico para que o CIXTEG envíe a información de nómina. Tamén figurarán os datos necesarios para a elaboración da nómina, como o código do tipo de contrato segundo a codificación que establece a Seguridade Social, grupo de tarifa e epígrafe, o número da seguridade social, base de pluriemprego, cando sexa o caso, base de autónomos para estes traballadores e datos bancarios. A aplicación informática permitirá a impresión deste documento de datos persoais para a súa sinatura polo persoal interesado e a súa custodia no centro educativo. A xefatura territorial poderá requirir en calquera momento este documento.

9.- Datos económicos do persoal docente.

Os centros educativos indicarán o IRPF a aplicar a cada profesor ou profesora a través da aplicación informática.

10.- PARTES DE NÓMINA.-

a) A través da aplicación informática á persoa responsable da sección de centros da xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará o ficheiro dos partes de alta, baixa, trienios, altas e baixas nos complementos de dirección e



xefatura de estudos, maternidade, paternidade, altas substitutos, e as retencións contemplados nesta Circular que se xeran cada mes.

- b) O ficheiro ou ficheiros elaboraranse como data límite o día de cada mes que se fixe no calendario anual que se publicará como anexo á presente Circular, e a xefatura da sección de centros os porá a disposición do CIXTEC excluíndo únicamente aqueles partes que considere que teñen indicios de ilegalidade.
- c) O CIXTEC elaborará a nómina dos centros privados concertados coas modificacións propostas pola xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e comunicará, se é o caso, aqueles partes que non puideron ser tramitados.
- d) Os centros educativos terán de prazo ata o día 15 de cada mes para xustificar documentalmente ante a xefatura territorial as propostas de altas, baixas ou modificacións que propuxeron a través da aplicación informática.
- e) As xefaturas territoriais, a través das seccións de nóminas, efectuarán as retencións na nómina que procedan cando os centros educativos non achegaran a documentación xustificativa correspondente ou esta fose insuficiente.
- f) A Aplicación informática xestionará altas, baixas e modificacións cos seus correspondentes atrasos, pero non xestionará reintegros que deberán, cando sexa o caso, efectuarse polas unidades de nóminas das xefaturas territoriais.

11.- DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS PARTES DE NÓMINA.

ALTAS:

. Profesores titulares

- a) Contrato laboral debidamente asinado.
 - .. Para o profesorado que xa tivese relación laboral co centro con carácter indefinido e non tivese contrato, enviarase certificación expedida polo Centro acompañada por copia do Libro de Matrícula onde figura o traballador ou traballadora.
 - .. Para o persoal relixioso ou autónomo, enviarase certificación da dirección do Centro onde conste esta circunstancia.



- b) Alta na Seguridade Social. No caso de que a empresa estea integrada no sistema RED da Seguridade Social, estará exenta de presentar o TC2, pero deberá presentar unha relación coas bases de cotización. No caso de autónomas relixiosos, recibos de RETA e SERAS e no caos de autónomos segrares, recibo de RETA.
- c) Nos supostos nos que non se esixe habilitación, fotocopia compulsada da titulación alegada ou certificación académica e copia compulsada dos restantes documentos acreditativos de que reúne os requisitos para impartir docencia.
- d) Certificación polo titular ou pola dirección do centro de que se cumpriron os requisitos establecidos na lexislación vixente para cubrir as vacantes.

. Profesores substitutos.

- a) A mesma documentación cós profesores titulares, agás a letra d)
- b) Fotocopia do parte de baixa, ou documento acreditativo do motivo que xustifique a substitución.

BAIXAS

- a) Baixa na Seguridade Social (nos relixiosos e autónomos non é necesario).
- b) Escrito do traballador, nas baixas voluntarias, ou do centro, nas de finalización do contrato, especificando a data da baixa.

COMPLEMENTO DIRECCIÓN

- Copia da acta do consello escolar onde se acorda o nomeamento.

COMPLEMENTO XEFATURA DE ESTUDOS

- Copia da acta do consello escolar onde se acorda o nomeamento.



CAMBIO DE ENTIDADE BANCARIA DO PROFESORADO

- Impreso de domiciliación facilitado polo banco ou fotocopia cotexada da primeira páxina da libreta onde figuren os códigos bancarios e o nome do titular.

MATERNIDADE, PATERNIDADE

Resolución do INSS de recoñecemento da prestación correspondente.

RETENCIÓN XUDICIAL

- Escrito do xulgado onde se comunica a retención.

RETENCIÓN DE HABERES POR FOLGA, PERMISO SEN SOLDO OU FALTA DE ASISTENCIA AO TRABALLO

- Comunicación da dirección do centro conforme ao modelo da aplicación informática onde se especifique o profesor afectado, motivo do desconto (folga, permiso ou falta de asistencia ó traballo) e días ou horas a reter.

CAMBIO DATOS PERSOAIS

- Fotocopia cotexada do DNI do traballador ou traballadora.

CAMBIO DOS DATOS BANCARIOS DO CENTRO



- Impreso de domiciliación facilitado polo banco ou fotocopia cotexada da primeira páxina da libreta, onde figuren os códigos bancarios e o nome do titular.

II.- GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

1. PAGAMENTO.- As contías destinadas a OUTROS GASTOS (gastos de funcionamento) libraranse mensualmente ós centros de educación primaria e ESO, educación especial, ciclos formativos de grao medio e superior e programas de cualificación profesional inicial, segundo o disposto na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.
2. XUSTIFICACIÓN.- A xustificación das contías percibidas polos centros concertados para gastos de funcionamento do curso escolar serán realizados de acordo co establecido no artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e o artigo 40 do Real Decreto 2377/1985, do 18 de decembro, e presentaranse nas Delegación Provinciais antes do 31 de xaneiro de cada ano.

III.- IRPF DA PAGA EXTRAORDINARIA POR ANTIGÜIDADE.


Á paga extraordinaria por antigüidade aplicárselle a exención de IRPF aplicable na normativa vixente en cada momento que, neste íntre, é do 40 por 100.

IV.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Circular entrará en vigor o día 1 de setembro de 2012, agás o calendario de nómina que o fará o día 1 de xaneiro de 2012.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2011

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos


José Manuel Pinal Rodríguez

ANEXO I

IMPORTES MENSUAIS 2011 (14 PAGAS)

CONCEPTOS SALARIAIS	EI -AX-EX -EE	1S - R1	1S -R1 (LICENCIADOS)	2S -R2	FP (CM - CS)	PCPI
SOLDO	1.491,59	1.491,59	1.491,59	1.751,59	1.751,59	1.751,59
COMPLEMENTO EQUIP.LICENCIADOS SALARIO			260,00			
TRIENIO	35,68	35,68	35,68	44,99	44,99	44,99
COMPLEMENTO EQUIP.LICENCIADOS TRIENIO			9,31			
COMPLEMENTO DIRECCION	328,83	328,83	328,83	374,21	364,17	312,03
TRIENIO DE DIRECCIN	12,27	12,27	12,27	18,00	17,53	14,54
COMPLEMENTO DE XEFATURA DE ESTUDOS	212,91	212,91	212,91	328,83	305,89	267,03
TRIENIO DE XEFATURA DE ESTUDOS	10,22	10,22	10,22	15,80	14,86	12,47
COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DA CC.AA.	349,89	446,53	370,16	370,16	370,16	370,16

ANEXO II

MESES	DATAS LÍMITE ENVÍO PARTES DOS DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS Á INTERVENCIÓN	PUBLICACIÓN DA NÓMINA NO VISOR
Xaneiro	5	13
Febreiro	6	13
Marzo	6	13
Abril	4	13
Maio	7	14
Xuño	6	13
Xullo	6	13
Agosto	6	13
Setembro	6	13
Outubro	5	15
Novembro	6	13
Decembro	7	14